TARTAGLIA REDE FEDERADA DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA ACELERAR A INVESTIGACIÓN SANITARIA

Misións de I+D+i en Intelixencia Artificial

A Consellería de Sanidade a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) participa no proxecto TARTAGLIA para a creación dunha **rede federada de intelixencia artificial para acelerar a investigación sanitaria**. O proxecto enmárcase en dentro do Programa Misións de I+D en Intelixencia artificial, da Axenda España Dixital 2025 e da Estratexia Nacional de Intelixencia artificial financiado pola Unión Europea a través dos fondos NextGenerationEU.

O obxectivo principal de TARTAGLIA é facilitar e fomentar a investigación clínica e sanitaria. Os datos clínicos das persoas son dos máis críticos e sensibles e o seu uso para a creación de modelos de Intelixencia artificial está moi limitado polas restricións regulatorias, administrativas, de seguridade e privacidade.

A aplicación desta tecnoloxía nunha contorna relevante permitirá situar a tecnoloxía máis preto do seu obxectivo final, que é a comercialización. O proxecto conta coa participación de varias organizacións nacionais de saúde, entre elas axencias e institutos asociados a hospitais así como os Servizos Autonómicos de Saúde de Galicia, Canarias e A Rioxa. As 15 entidades que conforman o proxecto son:

- GMV Solucións Globais Internet, S.A.U.
- Accexible Impacto SL
- Barcelona Supercomputing Center Centro Nacional de Supercomputación
- Dasel SL
- Fundació ACE, Institut Català de Neurociències Aplicades
- Fundación para o Fomento da Investigación Sanitaria e Biomédica da Comunitat Valenciana
- Fundación Canaria Instituto de Investigación Sanitaria de Canarias
- Fundación para a investigación do Hospital Universitario e Politécnico A Fe - Comunidade Valenciana
- Entrepreneur Capital SL
- Pixelabs SL
- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS)
- Universidade Complutense de Madrid
- PricewaterhouseCoopers Asesores de Negocios SL
- Fundació Hospital Universitari Vall D'Hebron Institut de Recera
- Veratech for Health, SL.

Orzamento: 9.125.337,85 €

Financiamento europeo: 7.586.821,04 €

Páxina web do proxecto: https://www.tartaglia.es/

Investigación en novas técnicas de ciberseguridade en entornos distribuidos de computación

CONTIDOS RELACIONADOS

Sanidade participa nun proxecto para crear unha rede federada en intelixencia artificial para acelerar a investigación sanitaria

Sanidade participa no lanzamento do proxecto TARTAGLIA de creación dunha rede federada para acelerar a aplicación de intelixencia artificial nos sistemas de atención sanitaria

Sanidade participa no proxecto TARTAGLIA para a mellora do diagnóstico no cáncer de próstata

A Sociedade de Informática da Saúde (SEIS) recoñece os resultados de TARTAGLIA: mellora da diagnose precoz do cáncer, alzheimer, retinopatía diabética e enfermedades crónicas

Verificación técnica do cumprimento dos principais estándares e criterios de seguridade e usabilidade dos datos de saúde con fins de investigación (principios GDPR e FAIR).

Diagnóstico precoz do cáncer de próstata clínicamente significativo (CaPcs) a través da IA

Deseño dunha ferramenta preditiva para PCa integrando datos de anatomía clínica, radioxenómica, xenómica e patolóxica dispoñibles na rede federada.

Investigación en modelos predictivos para o cribado automático da Retinopatía diabética usando IA

Investigación e desenvolvemento de modelos preditivos para o cribado automatizado da retinopatía diabética mediante redes neuronais convolucionais.

O Proxecto Rede Federada de Intelixencia Artificial para acelerar a Investigación Sanitaria (TSI-100205-2021-12), foi financiado polo Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, mediante o Programa Misións de I+D en Intelixencia Artificial 2021, no marco da Axenda España Dixital 2025 e da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial, con financiamento europeo a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.